

---

**ASUNTO: CONVOCATORIA PARA LISTAXE DE AGARDA T.S DE INFORMACIÓN**

En relación coa proposta de convocatoria pública para a listaxe de agarda da categoría de Técnico/a Superior de Información, o Comité Intercentros reunido o día 19 de novembro acordou trasladar o seguinte:

**En primeiro lugar**, consideramos que a creación de listaxes de agarda para cubrir temporalmente postos de traballo definidos na RPT, podería ser unha vía efectiva para favorecer a truncada promoción interna, aínda que fora de forma temporal, do persoal que traballa na USC, e tamén unha medida que utilizando os recursos humanos dos que dispón a universidade, mellorara a asignación de efectivo nas distintas áreas, o que tamén repercutiría favorablemente na eficacia coa que se prestan os servizos.

Solicitamos que para xenerar esta e as sucesivas listaxes de agarda que se precisen se faga sempre pola vía de publicar dúas convocatorias públicas, que serían:

- a. proceso selectivo de promoción interna
- b. proceso selectivo de novo ingreso

Por economía procedemental o Comité de Empresa propón que ambos procedementos se efectúen simultaneamente en unidade de acto e convocatoria. Coas persoas que superen o proceso selectivo xeraríanse dúas listaxes; a listaxe procedente do proceso selectivo de promoción interna tería prelación sobre a xerada polo proceso selectivo de novo ingreso.

**En segundo lugar**, para facilitar a preparación do temario e acoutar o mesmo a documentación específica, solicítase presentar algunha bibliografía de referencia ou adaptar o temario á información e ás aplicacións que aparecen na páxina web do centro de estudos e documentación europea da USC.

**Por último**, e para manter a coherencia co solicitado aos aspirantes no último concurso-oposición para esta categoría, e tendo en conta que o coñecemento do idioma inglés parece un requisito fundamental para o desempeño das funcións inherentes ao posto, solicitamos que a proba práctica do proceso selectivo (informe e presentación oral) sexan en inglés.

En Lugo, a 20 de novembro de 2014

Enrique Tacón Fernández  
Presidente Comité Intercentros